



ASUNTO: CONTRATACIÓN PARA A ASISTENCIA TÉCNICA NO ESPAZO COWORKING

EXPEDIENTE: 1926/2024

INFORME DE NECESIDADE PARA A CONTRATACIÓN

Sobre a necesidade de licitación do contrato administrativo de referencia emito o seguinte INFORME:

I.- OBXECTO DO CONTRATO:

O contrato ten por obxecto a prestación do servizo de ASISTENCIA TÉCNICA NO ESPAZO COWORKING

II.- PROCEDEMENTO

O procedemento semella que pode ser o aberto simplificado abreviado establecido no art. 159.6 da Lei 9/2017 de 8 de Novembro de Contratos do Sector Público polo valor estimado.

Non estará suxeito a regulación harmonizada (art. 22 LCSP).

III.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN

É necesaria a contratación externa con obxecto de optimizar, a través de empresas especializadas, a cobertura das necesidades, ao non contar o concello con persoal técnico preciso para a súa prestación, acredit.

IV.- INSUFICIENCIA DE MEDIOS PROPIOS PARA REALIZAR A PRESTACIÓN EN CONTRATOS DE SERVICIOS

Este Concello non pode realizar directamente a prestación ao non dispor dos medios persoais ao precisar de medios persoais e materiais dos que non dispón e cuxa xestión directa suporía un investimento que podería pór en perigo a estabilidade económico-financeira deste Concello, e en tempo, que poderían facer perigar ao non contemplar o cadro de persoal as necesidades de prestación deste servizo, polo que é oportuna a contratación dunha empresa externa que cubra os servizos descritos.

V.- XUSTIFICACIÓN DE NON DIVIDIR O CONTRATO EN LOTES

O contrato non se dividirá en lotes.

A opción de contratar (obxecto contrato) a distintos licitadores resultaría ineficiente/inviável polos seguintes motivos (optar segundo o caso e explicar brevemente):

- Número de traballadores
- Espazos de desenvolvemento da prestación do servizo
- Natureza do servizo
- Coordinación
- Xornadas
- Eficiencia

VI.- XUSTIFICACIÓN DA FÓRMULA PROPOSTA PARA Os CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración aritméticos elixidos son os apropiados para este contrato e garanten a calidade. A fórmula proposta para a avaliación tamén é apropiada para identificar a mellor proporción entre calidade e prezo entre as ofertas presentadas polos licitadores, garantindo unha clasificación xusta e adecuada das ofertas.

Así mesmo estudarase a necesidade de considerar outros criterios relevantes para este Concello (compromiso ecolóxico, compromiso social, compromiso de igualdade de xénero e non discriminación, compromiso de melloras). Os criterios valóranse con fórmulas de proporcionalidade e eficiencia.

VII.- CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://apobra.sedelectronica.es/> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





**A POBRA
DO CARAMIÑAL**
CONCELLO

Este contrato considérase gasto de funcionamento xeral (plurianual) necesario e habitual, previsto no orzamento municipal.

Para o gasto debe existir crédito na aplicación 2024 24C 433 22706 polo que existe capacidade para asumir o compromiso de gasto en cumprimento do art. 7 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira das Administracións Públicas.

O custo derivado da contratación deste servizo sopórtase neste exercicio con crédito dispoñible na aplicación orzamentaria oportuna, atendendo o nivel de gasto non financeiro. Cóntase coa subvención outorgada pola Deputación da Coruña. En canto ao incremento de gasto para este exercicio, o servizo pode asumir o incremento sen aumentar o gasto non financeiro total.

VIII.- TRABALLADORES CON DEREITO A SUBROGACIÓN

De acordo co establecido no art. 215 LCSP permítese a subcontratación, debendo os licitadores indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe e o nome ou perfil empresarial dos subcontratistas aos que vaia a encomendar a súa realización.

Na data da súa sinatura dixital.

O alcalde

José Carlos Vidal Suárez

